

SLALOM

Charlène Favier, 2020

933

ESTREA EN NUMAX: 16.05.2022 | V.O.S.E. | +12 | 92 min.

Liz, de 15 anos, foi aceptada nunha das escolas de esquí máis prestixiosas de toda Francia, nunha illada vila dos Alpes, onde deberá vivir afastada da súa familia e amizades. Liz compensa a súa falta de experiencia cunha rebeldía innata que chama a atención de Fred, un ex campión que decide acollela baixo o seu manto para entrenala de forma estrita e levala ao máis alto do podio. Cedo, comezará para ela unha dura carreira que poñerá ao límite a súa capacidade física e emocional.

«Un drama arrepiante. Favier fala con intelixencia das dinámicas do abuso»

Simran Hans, THE GUARDIAN



Entrevista con Charlène Favier: «Non me quería limitar ao retrato dunha vítima e un verdugo»

Por Fabien Lemercier

Cal é o elemento autobiográfico en *Slalom*, un relato moi crible centrado na fábrica do deporte de alto nivel cunha relación de control entre un adestrador e unha moza esquiadora? Dediqueime ao deporte de alto nivel e sufrín algunhas formas de violencia e de control na adolescencia, polo que sentía unha gran necesidade de falar disto. Había algo terapéutico na escrita do filme. Despois, elixín o esquí e a montaña porque eu medrei en Val d'Isère e atraíanme os deportes de táboa. Tamén penso que a montaña está pouco retratada e prefería contar a historia nese contexto que nun ximnasio ou nunha piscina.

Como construíches o guión? O personaxe de Liz é o fío vermello. Eu tiña na cabeza esta moza de 15 anos, un pouco teimuda, en busca de adrenalina. Tamén está un pouco abandonada pero ten certa madurez dado que vive soa. O importante é que este personaxe vai por un camiño de resiliencia. Canto máis avanzaba na escrita, máis identificaba a historia da súa relación co adestrador. Interesábame a confrontación entre o adulto e a adolescente.

Como exploraches a zona gris do control progresivo? Era esencial non facer un relato maniqueo e cariacturesco porque eu non me quería limitar a debuxar o retrato dunha vítima e dun verdugo. Fred, o adestrador, non é un abusador de serial, non é un tipo que se rodee sempre de nenas. É un home normal que quere facer as cousas ben pero que vai tropezar porque el mesmo está atrapado na trampa do sistema deportivo, na frustración que pode provocar a competición, nas esperanzas que pon en Liz: todo isto supérao e impídelle ver os límites. Eu non quería que Liz fose só unha vítima, tamén quería mostrar que ás veces na adolescencia facemos cousas que non son correctas. Era importante contar unha historia moi matizada e mostrar todas as ambivalencias e ambigüidades que podían motivar os personaxes.

Como se grava esquí de alto nivel? Quería gravar desde o punto de vista de Liz, que a cámara estivese pegada a ela para que o relato fose íntimo, unha viaxe sensorial e non unha que xulgue os personaxes. Gravei o esquí da mesma maneira que as escenas de sexo, cunha cámara que vai buscar a emoción e a sensación, non unha cámara factual nun plano moi longo que detalla a acción.

Que mensaxe desexas enviar ao abordar este tema? Eu comecei a escribir o filme en 2014, cando entrei no taller de guión de *La Fémis*, así que foi antes do #MeToo e dos últimos casos que houbo no deporte. Pero sabía que isto existía porque estiven bastante tempo no mundo do deporte cando era moi nova. E cando evolúes nese ambiente, todo o mundo sabe que iso existe. Esas cousas sábense pero non se din. Eu tiña a miña experiencia persoal e tamén escoitei moitos testemuños próximos cando estaba nese mundo, que volví investigar falando con atletas mozos e cos seus pais. Cando escribía o filme estaba convencida de que había que liberar a palabra. Cando as historias saen na prensa, a realidade supera un pouco a ficción e eu tiven a impresión de que o que tentaba contar hai tres ou catro anos cobraba vida. É un filme comprometido, de denuncia.